



## RECLAMACIÓN CONTRA AS CUALIFICACIÓNS FINAIS DE ESO E 1º BACHARELATO

<b>DATA:</b>
<b>ASUNTO:</b> Reclamación contra as cualificacións finais ESO/ou 1º BAC

<b>Ref:</b> Reclam_cualif-final_ESO/1º BAC
<b>DESTINATARIO:</b> SR./A. DIRECTOR/A DO IES SANTA IRENE

<b>ALUMNO/A</b>		<b>DNI</b>
Persoa que formula a reclamación e relación co alumno/a <sup>1</sup>		<b>DNI</b>
Enderezo a efectos de notificacións		
<b>MATERIA</b>		
<b>NIVEL/CURSO</b>	<input type="checkbox"/> 1º ESO <input type="checkbox"/> 2º ESO <input type="checkbox"/> 3º ESO <input type="checkbox"/> 4º ESO <input type="checkbox"/> 1º BAC	

De conformidade co establecido no artigo 38, punto 1 da Orde ECD/1361/2015, de 3 de xullo, pola que se establece o currículo de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato para o ámbito de xestión do Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, e se regula a súa implantación, así como a avaliación continua e determinados aspectos organizativos das etapas (BOE 9 de xullo 2015), os alumnos ou os seus pais ou titores poderán solicitar, de profesores e titores, cantas aclaracións consideren precisas acerca das valoracións que se realicen sobre o proceso de aprendizaxe dos alumnos, así como sobre as cualificacións ou decisións que se adopten como resultado do devandito proceso.

Tamén establece no punto 2 do citado apartado da mencionada Orde, que no caso de que, tras as oportunas aclaracións exista desacordo coa cualificación final obtida nunha área ou materia ou coa decisión de promoción ou titulación adoptada para un alumno/a, este ou os seus pais ou titores poderá solicitar por escrito a revisión da devandita cualificación ou decisión, no prazo de dous días lectivos a partir daquel en que se produciu a súa comunicación.

Visto que a cualificación dada na citada materia e nivel foi a seguinte: \_\_\_\_\_ e a cal foi comunicada/informada en data do \_\_\_\_\_ e estando en desacordo coa mesma, formúlase a presente reclamación en base aos seguintes feitos:

Feitos/motivos alegados na reclamación	
<input type="checkbox"/>	a) A avaliación que se levou a cabo non foi adecuada aos contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliados sobre os que se levou a cabo a avaliación do proceso de aprendizaxe do alumno ou alumna cos recolleitos na correspondente programación didáctica e na adaptación da programación didáctica, de acordo co disposto nas Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/2020, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.
<input type="checkbox"/>	a) Os procedementos e os instrumentos de avaliación aplicados non foron os adecuados, conforme o sinalado na programación didáctica e na adaptación da programación didáctica, de acordo co disposto nas Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/2020, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.
<input type="checkbox"/>	b) A aplicación dos criterios de cualificación e avaliación establecidos na programación didáctica e na adaptación da programación didáctica, para a superación da área ou materia, de acordo co disposto nas Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/2020, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia. non foi correcta

Adicionalmente aos feitos alegados en xeral, fago tamén constar as seguintes consideracións de valoración para que sexan observadas e tidas en conta na resolución da presente reclamación:

--

Documentación achegada coa reclamación:

--

En Vigo, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 202\_

Asdo. (nome do alumno/a ou persoa reclamante)<sup>1</sup>:

<sup>1</sup> A reclamación será formulada polo alumno/a no caso de ser maior de idade e polo pai, nai ou persoa que exerce a súa titoría legal, no caso de ser menor de idade.